- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

UD	Título da UD	Duración
7	Historia da música no Romanticismo e no século XX	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer algunhas das principais características da música do Romanticismo e do século XX: música programática e pura, ópera italiana e alemá, nacionalismos musicais; e os estilos no século XX: atolanidade, serialismo, música electrónica...	PE	65
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Saber explicar a función da música dentro do contexto histórico e social no Romanticismo e Século XX: burguesía, importancia do piano como símbolo de estatus social, e o virtuosismo musical.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer a función da música dentro do contexto histórico e social no Romanticismo e Século XX: burguesía, revolución industrial, Guerras Mundiais no século XX e a súa influencia na música.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar as características da música destes períodos na música actual, sobre todo, nas bandas sonoras do cine.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar a función da música e da danza no contexto histórico e social dos séculos XIX e XX		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Explicar algunhas das características principais na influencia da música programática e da ópera na música de cine actual.	TI	35
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Saber expresar a opinión persoal con respecto das obras escoitadas na aula.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer algúns dos elementos musicais ou dancísticos da música e bailes do Romanticismo na música e bailes actuais.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Mostrar unha actitude de respecto e atención na escoita ou visionado das obras mostradas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Música e Imaxen: música no cine e na publicidade.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Como afecta ao espectador a música no cine, saber explicar como a música é capaz de traducir as emocións dos persoaxes.	PE	40
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer a orixe da música de cine e cales son as funcións da música deste xénero.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os diferentes estilos musicais utilizados nas bandas sonoras das películas: como poden ambientar xeográficamente, historicamente e como son capaces de traducir emocións aos espectadores.	TI	60
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Saber utilizar de xeito xeral as aplicacións gratuitas como Audacity, saber buscar no banco de sonidos e saber facer manipulacións sinxelas destes sonidos. Utilizar o programa MuseScore para crear partituras sinxelas.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Saber cambiar a música dunha escena dunha película determinada facendo que cambie o seu sentido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Práctica instrumental e vocal.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Seguir a partitura con axuda de indicacións de notación con convencional: seguindo as notas escritas ou/e indicando con liñas e outra simboloxía as notas máis longas ou máis curtas.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Investigar a técnica do instrumento, xa sexa a frauta, o xilófono ou a voz para conseguir ter o sonido de maior calidade e ter un sonido homoxéneo dentro do grupo.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Coñecer a estrutura da obra para axudar á memorización da mesma (sobretudo os fragmentos que repiten o a estrutura pregunta- resposta) darse conta dos finais suspensivos e conclusivos. Valorar o erro como un camiño da aprendizaxe.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Seguir a partitura con axuda de indicacións de notación con convencional: seguindo as notas escritas ou/e indicando con liñas e outra simboloxía, por exemplo, as notas máis longas ou máis curtas.	TI	100
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Poder seguir a interpretación da obra de maneira xeral aínda que haxa algúns erros ou que nalgún momento poida esquecer parte da obra. Valorarase que o alumno poda seguir tocando a pesar destes erros ou esquezos puntuais.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Participar co grupo das propostas e interpretacións que se efectúen na aula.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Valorar e participar nas actividades propostas na aula. Darse conta que a maneira de traballar as obras musicais (de xeito, lento, consciente, constante e con concentración) pódense aplicar ao resto de materias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>



## Contidos

- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- A actividade: supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que, debido ó talante da materia de música, poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e interpretativas.
- A unidade de teoría e práctica: na nosa materia a teoría é a base para a práctica, tentaremos que o alumnado acceda á primeira a través da segunda, xa que é un xeito de comprender o máis abstracto dende algo concreto. A partir dunhas peque-nas bases, estimularemos o interese do alumnado para afondar nese coñecemento e perfeccionalo.
- A atención personalizada: debido ás características da nosa materia, é fundamental a atención por parte da profesora cara o seu alumnado, xa que este presenta apti-tudes e actitudes moi diferentes cara a música, e é importante tratar de estimular o interese e o coñecemento de cada un, atendendo ás necesidades. Isto non sempre é doado, pero traballarase para conseguilo.
- A creatividade: é un dos aspectos máis difíciles de conseguir, xa que o alumnado está afeito a que se lle dirixa o traballo dun xeito determinado, e non a crear por si mesmo. Isto tamén os insta a unha comodidade que non lles desgusta, co que en moitos casos, as actividades nas que se lles pide maior creatividade, son as que rexeitan, debido a que supoñen un esforzo maior.
- A socialización: potenciando as relacións do grupo entre si e o traballo de equipo (que supón a práctica vocal, instrumental e/ou corporal). Na nosa materia é máis doado conseguilo, xa que para que o conxunto teña un bo resultado é necesario o traballo de cada un. Traballaremos tamén para que exista o respecto cara as capacidades de cada un, así como tamén para reforzar a autoestima.
- A globalización: dotando á programación dun enfoque interdisciplinar, aproveitando os puntos de contacto co currículo doutras materias e cos temas transversais, de xeito que o alumnado asimile que tódolos contidos están interrelacionados, e non tomen a música como un aspecto illado.
- Métodos didácticos:  
Investigación: instaremos ao alumnado a traballar sobre determinados aspectos, partindo de conceptos que xa saben, para que eles mesmos poidan ir construíndo o seu coñecemento. Evidentemente este método debe estar dirixido sempre pola profesora, para que non se converta nun simple corta-pega de información proporcionada por internet, que nin sequera asimilan. Esta investigación debe proporcionarlles métodos para conseguir información teórica e práctica, é dicir, debemos darlles estratexias para adquirir coñecementos de todo tipo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Na aula de música dispoñemos do seguinte material:

- Instrumental Orff: xilófonos sopranos, contraltos e baixos. Metalófonos: sopranos, contraltos e baixos; carrillóns, instrumentos de pequena percusión. Fautas de pico soprano, 2 fautas de pico contralto e 1 tenor.
- Teclado electrónico
- Piano eléctrico
- Equipo de música
- Batería
- Proxector
- Ordenador
- Dobre encerado de pentagramas e branco de rotulador borrable
- 4 mesas plegables para poder tocar os instrumentos de placa.
- 6 cadeiras para os xilófonos baixos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O bloque de linguaxe musical, na avaliación inicial, constará dunha pequena práctica instrumental coa fruta de pico duns breves estudos sinxelos de lectura rítmico-melódica, de modo que podamos coñecer o nivel do alumnado para poder unificar o nivel.

O bloque de contextos musicais e culturais ten moita importancia neste curso, na avaliación inicial partiremos dos coñecementos previos do alumnado co título "Que sabemos de..." Partindo dunha chuvia de ideas postas en común no encerado e posteriormente ordenándoas e conducindo o debate ao campo musical.

A idea de facelo de xeito oral e poñéndoo en común co resto da clase é que o alumnado non o tome como un exame, así como tamén lles permitirá comunicar á profesora as súas dúbidas, e os seus gustos, tanto individuais como en grupo. É habitual que os rapaces teñan moitas lagoas e pouco coñecemento de certos contextos históricos musicais, co que tentaremos averiguar cales son sen utilizar un método agresivo como sería unha proba tipo exame, e facer unha reflexión acerca da necesidade de coñecer épocas e estilos musicais lonxanos para poder elaborar unha opinión propia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	0	0	80	80	0	65	40	0	<b>38</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	100	100	20	20	100	35	60	100	<b>62</b>

**Criterios de cualificación:**

Os exames escritos ou prácticos teñen un valor dun 60% da nota

Os traballos de clase ou en grupo e a presentación dun dossier ao final de cada trimestre coas tarefas feitas correctamente teñen un valor dun 20% da nota final

A actitude, participación e comportamento de clase ten un valor do 20% restante da nota.

**Criterios de recuperación:**

A avaliación na materia de música é continua ao longo do curso, polo tanto temos en conta o progreso do alumnado. No caso, no que haxa un só trimestre suspenso cunha nota de 4, poderá facerse a media aritmética de tódolos trimestres; se a nota media resulta 5, o curso queda superado. No caso que o alumno no teña superados dous ou máis trimestres, poderá facer as actividades de reforzo e presentarse ao exame ou as actividades de recuperación do trimestre que teña pendente durante o mes de xuño. Nesta convocatoria a nota non poderá ser superior a un 5, pois se trata de un exame de mínimos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de ter a materia pendente de cursos anteriores, haberá que presentar, completadas, unhas tarefas ou traballo de reforzo do curso anterior e facer un exame de recuperación. A presentación das tarefas ou traballo supondrá un 40% da nota do exame.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento á diversidade deberémolo facer desde o momento no que detectemos os distintos niveis de coñecementos e actitudes dos alumnos. Según a avaliación inicial e o ritmo de aprendizaxe, plantexaranse unhas actividades ou outras, cos mesmos contidos pero distintos niveis de dificultade.

Na parte práctica é posible flexibilizar a dificultade, dende deixar ao alumno facer anotacións sobre a partitura para facilitar a lectura (escribir o nome das notas por exemplo) ata interpretar algún fragmento coa axuda do profesor. O importante é que o alumno se sinta capaz de tocar algunha parte da obra e participar no concerto xunto ao resto de compañeiros de clase.

Nos casos de rapaces con necesidades educativas especiais, traballarase co Departamento de Orientación para a elaboración dunha Adaptación Curricular axeitada ó nivel dese alumno.

Finalmente, non debemos esquecer que esta é unha materia onde as aptitudes persoais e a vocación profesional non son infrecuentes e na que unha temprana e boa formación, neste senso, pode chegar a ser determinante no futuro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Historia: entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais	X			X	X		X	
ET.2 - EPVA: ver as similitudes entre a música e a arte dos diferentes períodos.	X			X	X		X	X
ET.3 - Matemáticas: proporción entre os valores rítmicos.		X	X			X		
ET.4 - Tecnoloxía: utilización das ferramentas dixitais.								X
ET.5 - Linguas: importancia da relación entre texto e música nas obras vocais, tanto profanas como relixiosas.	X			X	X		X	X

	UD 9
ET.1 - Historia: entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais	
ET.2 - EPVA: ver as similitudes entre a música e a arte dos diferentes períodos.	
ET.3 - Matemáticas: proporción entre os valores rítmicos.	X
ET.4 - Tecnoloxía: utilización das ferramentas dixitais.	
ET.5 - Linguas: importancia da relación entre texto e música nas obras vocais, tanto profanas como relixiosas.	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto de Nadal	O alumnado interpretará as obras traballadas durante o trimestre no Auditorio do Concello de Rois en dúas sesións, unha delas en horario lectivo para o alumnado do centro e a segunda nun fin de semana aberta ao público xeral.	X		
Audicións e asistencia a concertos	Posibilidade de asistencia a convocatorias, concertos, teatro musical, etc. que vaia xurdindo durante o ano, para que os nosos alumnos poidan ter un amplo abano de posibilidades para desfrutar da música e o seu contorno.		X	

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe son adecuados para o alumnado.
As medidas de atención á diversidade do alumnado foron axeitadas.
As estratexias de ensinanza permiten acadar os obxectivos de aprendizaxe.
Os procedementos de avaliación do alumnado son adecuados e variados.
A secuenciación temporal foi a axeitada.
A idoneidade da metodoloxía e os materiais curriculares están adaptados ao nivel do alumnado.

O alumnado asimila de xeito adecuado eses conceptos.
Se van acadando os obxectivos trimestrais.
A organización da aula permite facer varias actividades.
O alumnado participa activamente.
Procurar que haya un clima de confianza e respecto aos compañeiros na práctica instrumental ou vocal.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de mellorar a súa interpretación das pezas musicais.
Dáselle ao alumnado a información que precise sobre os seus resultados académicos.
Procúrase que o alumnado teña confianza en sí mesmo na interpretación das pezas musicais.

### Descrición:

Deberemos avaliar a nosa programación para comprobar se é adecuada, e se vai acadando os obxectivos que nos marcamos ó redactala.

- Avaliación trimestral:

Serviranos para comprobar se se van acadando os obxectivos trimestrais, se os conceptos son poucos ou demasiados, e se o alumnado asimila de xeito adecuado eses conceptos. Esta comprobación facémola comprobando a materia impartida ata ese momento, e os resultados académicos da mesma. Se estes non son os axeitados deberemos facer un estudio das causas, é dicir, se é pola falla de interese do alumnado, ou pola mala adecuación da nosa programación ás características grupais do curso.

Na medida do posible, tentaremos solventar os problemas para o seguinte trimestre.

- Avaliación final:

Unha vez rematado o curso, faremos unha avaliación final para comprobar se os resultados son os esperados no momento de redactar esta programación, ou polo contrario foron demasiado ou pouco ambiciosos. Faremos un repaso da materia impartida (comprobaremos que a secuenciación temporal foi a axeitada, ou pola contra, non se adecuou á duración do curso) e a resposta do alumnado (se afianzou os seus coñecementos, se aceptaba de bo grao a materia ou pola contra non estimulaba o seu interese...). No caso de resultados negativos, faremos constalo na memoria fin de curso, propoñendo os cambios que consideremos necesarios, que se reflectirán na programación do curso seguinte.

Dende o Departamento de Música teranse en conta os seguintes elementos:

¿ A adecuación dos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.

¿ As aprendizaxes logradas polo alumnado.

¿ As medidas de individualización do ensino, con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.

¿ A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

¿ A idoneidade da metodoloxía e os materiais curriculares.

¿ A coordinación con outros profesores.

¿ As relacións co/a titor/a e, no seu caso, coas familias.

Esta avaliación levarase a cabo utilizando coma procedemento básico a autoavaliación do docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Deberemos avaliar a nosa programación para comprobar se é adecuada, e se vai acadando os obxectivos que nos marcamos ó redactala.

Avaliación trimestral:

Serviranos para comprobar se se van acadando os obxectivos trimestrais, se os conceptos son poucos ou demasiados, e se o alumnado asimila de xeito adecuado eses conceptos. Esta comprobación facémola comprobando a materia impartida ata ese momento, e os resultados académicos da mesma. Se estes non son os axeitados deberemos facer un estudio das causas, é dicir, se é pola falla de interese do alumnado, ou pola mala adecuación da nosa programación ás características grupais do curso.

Na medida do posible, tentaremos solventar os problemas para o seguinte trimestre.

Avaliación final:

Unha vez rematado o curso, faremos unha avaliación final para comprobar se os resultados son os esperados no momento de redactar esta programación, ou polo contrario foron demasiado ou pouco ambiciosos. Faremos un repaso da materia impartida (comprobaremos que a secuenciación temporal foi a axeitada, ou pola contra, non se adecuou á duración do curso) e a resposta do alumnado (se afianzou os seus coñecementos, se aceptaba de bo grao a materia ou pola contra non estimulaba o seu interese...). No caso de resultados negativos, faremos constalo na memoria fin de curso, propoñendo os cambios que consideremos necesarios, que se reflectirán na programación do curso seguinte.

Dende o Departamento de Música teranse en conta os seguintes elementos:

- ¿ A adecuación dos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliábeis e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.
- ¿ As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- ¿ As medidas de individualización do ensino, con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
- ¿ A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- ¿ A idoneidade da metodoloxía e os materiais curriculares.
- ¿ A coordinación con outros profesores.
- ¿ As relacións co/a titor/a e, no seu caso, coas familias.

## 9. Outros apartados